



fundación  
**VEDRUNA**  
**EDUCACIÓN**  
María Inmaculada-Vigo



Benqueridas familias:

Comenzamos un novo curso escolar con todas as ilusións postas e coa boa nova de que celebramos o NOSO CENTENARIO como colexio Carmelitas de Vigo.

Énchenos de orgullo e satisfacción compartir con todas as familias que formades parte deste colexio estes 100 anos de historia na nosa cidade.

Dende aquel primeiro pequeno grupo de irmás Carmelitas que, alá polo ano 1926, abriron as portas do colexio con esforzo e fe, ata o día de hoxe, fomos medrando xuntos, educando xeracións de nenos e nenas que fixeron do noso centro unha verdadeira familia. O espírito de entrega, os valores cristiáns e o compromiso coa educación seguen sendo o noso selo de identidade.

Para celebrar este acontecemento tan especial, temos programadas moitas accións ao longo do curso: encontros con antigas alumnas e alumnos, actividades culturais e deportivas, xornadas de convivencia, publicacións e celebracións conmemorativas e outras moitas accións na que toda a comunidade educativa será protagonista.

Convidámosvos a participar con entusiasmo en todas estas propostas e a vivir con nós a alegría de pertencer a unha historia compartida que continúa a escribirse, día a día, grazas a cada unha das familias, ao alumnado e ao profesorado.

Grazas por formar parte deste centenario e por seguir confiando en nós para acompañar aos vosos fillos e fillas neste camiño de aprendizaxe e vida.

Coa ilusión compartida e o desexo de que este curso 25-26 sexa vivenciado dende a festividade de cada un dos 100 anos de historia,

Atentamente

A Dirección